

BALEA

Idea orixinal e debuxos de **FEDERICO FERNÁNDEZ**

Color de **GERMÁN GONZÁLEZ**

Formato despregable. Sobrecuberta. 14 x 33,5 cm. 2 páx. 15 €.

Balea (texto en galego, castelán, catalán e eúscaro)
ISBN 978-84-8464-977-9. Libros interactivos.

Balea (texto en italiano, portugués, inglés e castelán)
ISBN 978-88-95933-71-9. Libri per sognare.

MENCIÓN DO XURADO DO VII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA
DE ÁLBUM ILUSTRADO

BALEA é un gran mural de dobre cara, pregado coma un acordeón, que representa unha enorme balea metálica sumerxida no fondo do mar, xunto con algas, peces de vivos cores e outras criaturas acuáticas. Ao seu arredor, uns simpáticos buzos de traxe amarelo, protagonistas mudos deste libro-obxecto visual.

Ao xirar a folia cambia a perspectiva dos lectores, que observan o interior do artilluxio, dividido en numerosas estancias. É aí onde entra en xogo a imaxinación, para recrear que sucede na sala de control do cetáceo mecánico, que preparan na cociña, de qué falan os encargados do horto, en que traballan os operarios do taller... E así en moitas máis salas: ximnasio, dormitorios, despensa...

A faceta artística de Federico Fernández foi evolucionando cara á robótica, os artefactos, as engranaxes. Nesta cidade submarina evocadora da obra de Jules Verne e Leonardo da Vinci, presenta un mundo idílico e ideal, sen xerarquías, onde mulleres, homes, nenos e anciáns conviven en harmonía. Tamén Germán González avanza ao debuxo de gran formato dende un estilo de acuarela hiperrealista baseado nos pequenos obxectos da vida diaria.

A curiosidade coa que o público se asoma ás viñetas de Francisco Ibáñez en “13, Rue del Percebe”, as escenas cotiás de Ali Mitgusch ou as multitudes de Martin Handford en “Onde está Wally?” son equiparables ao divertido xogo que o tándem Fernández & González propoñen en BALEA.

Convertidos en intrépidos enxeñeiros, deseñaron este novo sistema residencial e de transporte marítimo, de superficie e sumerxible, eficiente e ecolóxico, co que revolucionarán a navegación.

BALEA: a mellor forma de viaxar polo fondo do mar!



- **Temática:** libro visual para imaxinar que historias suceden no interior da máquina.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** libro-obxecto visual; formato acordeón; imaxinación; do ilustrador de “Onde perdeu Lúa a risa?” (Premio Nacional de Ilustración 2001) e “Chibos chibóns” (Kalandraka); a figura da BALEA foi tema dun gran mural no lateral dun edificio en Vigo.

Federico Fernández

(Vigo, 1972)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo, na especialidade de Pintura. Entre outros galardóns, recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 2001 por “Onde perdeu Lúa a risa?” (Kalandraka). Participou na obra colectiva “Miguel Hernández, 25 poemas ilustrados” (3º Premio Nacional de Edición-Libro de Arte). É un dos promotores do espazo artístico El Halcón Milenario (Vigo). Actualmente é profesor na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.
<http://doctorfredy.blogspot.com.es>

Germán González Pintos

(Vigo, 1976)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Traballa como profesor de plástica e debuxo en varios centros educativos de Vigo e Pontearreas. Pintor e debuxante, participou en numerosas exposicións: Vigo, Santiago de Compostela, Madrid... É un dos promotores do espazo artístico El Halcón Milenario (Vigo). “Balea” é a súa primeira obra para público infantil.